



RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: Aprobación Pregos convocatoria extraordinaria hortas urbanas municipais

EXPEDIENTE: 2022/G003/000383

Considerando que con data de 20 de maio de 2014 se publicou no BOP o vixente Regulamento de funcionamento das hortas urbanas municipais do concello de Teo.

Considerando que a finca da horta urbana de Calo, que ten unha superficie de 720 m² e está situada dentro da parcela 22 do proxecto de compensación do SAUR 2, sita na urbanización Mirabel, rúa Cernadelo, lugar de Fixó, se distribúe en 12 parcelas, e que a horta urbana municipal de Cacheiras está situada no lugar de Tras do Eixo, parcela 177 do polígono 503, e ten unha superficie de 1.214 m², e se distribúe en 12 parcelas.

Considerando que as parcelas citadas están acondicionadas para este fin, tal como se pon de manifesto no informe do arquitecto técnico municipal, Luis Javier Castro Martínez, de 9 de decembro de 2022, sobre a idoneidade das parcelas, e que substitúe o proxecto ao que se refire o artigo 83 RBEL.

Considerando que, tralos procedementos iniciados no seu día, para autorizar o uso privativo das citadas parcelas, por posteriores renuncias dos/as adxudicatarios/as, quedan actualmente cinco parcelas dispoñibles, dúas na horta urbana de Campos de Mirabel-Calo (parcelas 10 e 12) e tres na horta urbana de Tras do Eixo-Cacheiras (5, 10 e 12).

Tendo en conta que nos últimos meses foron varias as persoas que se dirixiron a este Concello interesándose polas parcelas que non están adxudicadas, resulta necesario proceder a unha nova adxudicación das parcelas anteriormente citadas, respectando o establecido no artigo 8 do Regulamento citado, terá que facerse reserva do 20% para casos de emerxencia social e de outro 20% para persoas maiores de 65 anos.



Á vista de que se trata dunha autorización extraordinaria, por mor das vacantes, da non existencia neste momento de persoas na lista de agarda, o interese amosado por varios/as veciños/as nas ditas parcelas, e a estacionalidade, é preciso levar a cabo o procedemento de adxudicación de acordo co disposto no artigo 33 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante LPAC), minorando os prazos previstos no expediente, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

Á vista do informe de Secretaría e do Prego redactado que vai a rexer a adxudicación, e en virtude das competencias que me atribúe a normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o Prego de condicións para autorizar o uso privativo das parcelas 10 e 12 da horta urbana de Campos de Mirabel-Calo e das parcelas 5, 10 e 12 da horta urbana de Tras do Eixo-Cacheiras, que se atopan vacantes, aplicando o procedemento previsto no artigo 33 da LPAC.

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir da publicación da presente resolución na web municipal.

Segundo.- Dar conta ao Pleno da presente Resolución, na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado na data que figura na marxe.

O alcalde

A secretaria xeral, que dou fe

Rafael Carlos Sisto Edreira

Virginia Fraga Diaz